



MCL/JDA/yfd

RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E INNOVACIÓN EDUCATIVA POLA QUE SE CONVOCA, CON CARÁCTER EXTRAORDINARIO, A PROBA ESPECÍFICA DE ACCESO AO CICLO INICIAL DE GRAO MEDIO DAS ENSEINANZAS CONDUCENTES AOS TÍTULOS DE TÉCNICO DEPORTIVO EN PIRAGÜISMO DE AUGAS BRAVAS, TÉCNICO DEPORTIVO EN PIRAGÜISMO DE AUGAS TRANQUILAS E TÉCNICO DEPORTIVO EN PIRAGÜISMO RECREATIVO GUÍA EN AUGAS BRAVAS.

Visto o escrito do 31 de xullo de 2018, presentado por D. Félix José Lamas Gondar como representante legal do CAD Jesús Morlán Fariña, Rúa Gavián s/n, Verducido, 36151, Pontevedra (autorizado pola *Orde do 6 de novembro de 2017, DOG do 20 de novembro*), polo que solicita unha convocatoria extraordinaria da proba de carácter específico de acceso ao ciclo inicial de grao medio correspondente ás ensinanzas deportivas conducentes aos títulos de técnico deportivo en Piragüismo de Augas Bravas, técnico deportivo en Piragüismo de Augas Tranquilas e técnico deportivo en Piragüismo Recreativo Guía en Augas Bravas, regulados polo *Real decreto 981/2015, do 30 de outubro (BOE do 25 de novembro)* e o *Decreto 109/2017, do 28 de setembro (DOG do 20 de novembro)* polo que se establece o currículo dos ciclos inicial e final de grao medio correspondentes aos títulos anteriores para o ámbito territorial galego.

Resultando que na *Resolución do 6 de xuño de 2018 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa (DOG do 18 de xuño)* pola que se convocaron probas ordinarias de acceso ás ensinanzas deportivas para o curso 2018/2019 non se incluía a proba de acceso ás ensinanzas deportivas na modalidade de Piragüismo, por estar pendente a autorización administrativa de posta en funcionamento por parte da Xefatura Territorial de Pontevedra, que existe un número considerable de persoas aspirantes que queren acceder a ditas ensinanzas, e tendo en conta ademais a flexibilidade na oferta educativa de este tipo de ensinanzas recollida na normativa, e co fin de non causar prexuízo ao alumnado que desexe cursar estudos en dito centro, esta Dirección Xeral **RESOLVE** convocar, con carácter extraordinario, a proba de carácter específico de acceso ao ciclo inicial de grao medio correspondente ás ensinanzas deportivas conducentes aos títulos de técnico deportivo en Piragüismo de Augas Bravas, técnico deportivo en Piragüismo de Augas Tranquilas e técnico deportivo en Piragüismo Recreativo Guía en Augas Bravas, que se realizarán de acordo ao seguinte:

- A proba terá lugar no Centro Deportivo Pontillón do Castro (Gabián s/n, Verducido, 36151 Pontevedra), o **día 7 de setembro, venres, ás 10:30 horas**.
- So poderán inscribirse na proba específica as persoas aspirantes que reúnan os requisitos académicos establecidos para poder cursar estas ensinanzas.
- A inscrición para a realización das ditas probas deberá formalizarse na secretaría do IES Sánchez Cantón (Avda. Raíña Victoria, 36001 Pontevedra) ata o día 6 de setembro, presentando a documentación establecida na citada Resolución do 6 de xuño de 2018, e logo de aboar os prezos públicos establecidos para este tipo de probas no Decreto 89/2013, do 13 de xuño. A listaxe de persoas admitidas para a realización da proba publicarase no taboleiro de anuncios e páxina web do IES Sánchez Cantón.
- A listaxe de persoas aspirantes que superen a proba publicarase o día 7 de setembro no taboleiro de anuncios e na páxina web do IES Sánchez Cantón.
- As reclamación aos resultados da proba realizarase ata o día 11 de setembro a través da secretaría do citado IES.
- As persoas integrantes dos tribunais percibirán as correspondentes compensacións económicas polas actividades realizadas, conforme o disposto no Decreto 144/2001, do 7 de xuño, sobre indemnizacións por razón do servizo do persoal con destino na Administración autonómica de Galicia, ou norma que o substitúa.
- A proba será administrada, avaliada e cualificada por un tribunal que estará integrado polos seguintes membros:

Presidenta: M^a Antonia González Comesaña (inspectora de Educación)

Secretario: Telmo Silva Alonso

Vogal 1: Tomás Montoya Aboal

Vogal 2: Xurxo Pena García

Santiago de Compostela, 27 de agosto de 2018

O director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

Manuel Corredoira López